

Política Agraria

INTRODUCCIÓN

No mundo occidental hai unha idea moi extendida, que xa reviste os caracteres de pensamento único, segundo a cal a agricultura non é posíbel sen subvencións. Partindo desta premisa, xustifícase a existencia dunha actividade permanentemente sustentada en base aos orzamentos públicos, sendo imposíbel actuar doutro xeito baixo a ameaza dun futuro onde os mercados estarían dominados por produtos foráneos, ameazando a nosa seguridade alimentar e a riqueza ecolóxica do noso territorio.

Esta política é un erro alén de ser inxusta. É un erro porque é imposíbel manter un sector permanentemente subvencionado co agravante de que non se está a preparar ao tecido productivo para o día no que inevitábelmente os poderes públicos non sexan quen de manter esta caste de políticas. É inxusta porque o proteccionismo inherente ao mantemento desta situación, condeá á pobreza a millóns de persoas no mundo. Xa que logo, cómpre mudar o rumbo.

O CASO GALEGO

No noso país, tense producido en poucos anos unha auténtica revolución agraria. Partindo dunha situación de absouto subdesenvolvemento, a partires do "desarrollismo" dos anos 60, que provocou un inmenso éxodo do agro á cidade e á emigración, comeza unha carreira tecnolóxica no agro galego tentando compensar a falta de efectivos humanos co recurso á maquinaria. Este proceso, que é lóxico e que se deu en todos os países industrializados, no noso caso veu acompañado dun intenso proteccionismo para os produtos agrarios no mercado español que se racha coa entrada na CEE no ano 1986.

Non é que a entrada na CEE supuxese unha apertura total de mercados cara ao exterior, pero as produccions agrarias galegas

tiveron que adaptarse dun xeito acelerado aos intercambios comunitarios onde había que competir con producións que levaban décadas aplicando a ultraproteccionista PAC. A PAC era, e segue a ser, a política máis desenvolvida do que hoxe é a UE, de feito leva case a metade do seu orzamento anual, o que provocou que os mudes no agro galego se tiveran que facer dun xeito extraordinariamente rápido. Temos que pensar que o emprego no sector agrario pasou de representar un 36,6% do total no ano 1985 ao 7,5% no 2005.

Os mudes foron todo un éxito ao dicir do pensamento único xeralmente aceptado. E non deixan de ter parte de razón, dende o ano 1986 o agro galego viviu un inmenso intervencionismo público froito da chegada dunha chea de cartos da UE, pero unha vez máis as consecuencias da intervención foron un incremento no parque de maquinaria agrícola e de inmobles no intento de compensar o feito de que a poboación rural estaba nun devalar constante co conseguinte abandono de explotacións que quedaban ermas ou, no mellor dos casos, adicadas á produción madeireira.

Ao tempo, a entrada na UE servíu para que os políticos españois e galegos atoparan o grande inimigo contra o que loitar, agachando deste xeito a súa inactividade á hora de afrontar reformas estruturais que puideran converter á actividade agraria nun eixo de produtividade. Mais, as reformas teñen custos en termos de votos e o mellor é procurar alguén exterior ao que botarlle as culpas como xeito de tapar a nosa inactividade.

Así chegamos ao intre actual, cunha PAC que vai ser mudada porque é unha política moi custosa e máis no eido dunha fortísima crise económica, cuns labregos que non son quen de vivir das súas explotacións a pesares das subvencións e, en definitiva, co fracaso

evidente duha política de décadas que amosa que chegou ao límite das súas posibilidades.

UNHA PROPOSTA DE REFORMA

Cómpre converter á agricultura nunca actividade que voe por si propia, que non precise da subsidiación. Para acadar este obxectivo, unha política agraria sería ten que ir polo viero que non foi explorado até o de agora: o incremento no tamaño das explotacións.

Ben é certo que xa se están a dar procesos de concentración empresarial dentro do mundo agrario, persoas que xuntan as súas explotacións en Sociedades Agrarias de Transformación ou Cooperativas, co fin de procurar maior extensión de terreo e unha mellor calidade de vida. Mais, o que xuntan son as terras existentes, non procuran novas terras co que incrementar as súa capacidade preexistente dun xeito exponencial.

Temos que ter en conta que en Galicia, o sentimento de propiedade da terra está moi arraigado en todos nos. Isto é bon, e os dereitos de propiedade teñen que ser respetados a toda costa. Mais, o que si se pode facer é crear incentivos para que esas terras abandonadas non resten valdías, para por en valor un recurso que agora estamos a deixar ermo.

A día de hoxe, unha persoa que queira ter abandonadas as súas terras pode facelo e, ademáis, saelle practicamente gratis. O IBI que pagan as terras é ridículo e non existe un custe de oportunidade á hora de esquecerse das propiedades, é máis, moitos nen saben onde están porque adquirironas por herdanza e nunca a elas foron.

Hai que subir o IBI das terras agrarias dun xeito considerábel establecendo desgravacións do 100% no pago do imposto a aquelas

persoas que poñan en valor as súas terras, ben sexa por si mesmos ou por aluguer. Isto crearía un incentivo de primeira magnitude para por en movemento un recurso que hoxe está totalmente parado.

Por suposto, temos que ter en conta que hai zonas onde o alugueiro é máis doado ca noutras. Décadas de intervencionismo teñen provocado que haxa lugares onde a agricultura case que esté desaparecida. Para non perxudicar a uns propietarios fronte a outros temos que usar un instrumento moi criticado, mais posíbelmente a única idea boa que tivo o goberno bipartito: o Banco de Terras. Aquel propietario que introduza as súas terras no tal Banco tamén se beneficiará da desgravación total no pago do imposto.

Se con esta política acadamos o obxectivo de incrementar o tamaño das explotacións galegas, teremos avanzado un chanzo importantísimo mais non definitivo. Cómpre dicirlle a verdade á xente e non o que queren oír, dicirlles que chegará un día no que as subvencións e o control de mercados rematarán, polo que o único xeito de non fenecer é que se vaian preparando para elo. Debemos por un horizonte temporal de 10 anos para acadar o obxectivo de ter un agro convertido nunca actividade económica totalmente independente. Tense que rematar a política agraria de intervención sen límites mais que o que provoca é que, cando mudan de súpeto as regras do xogo, non esteamos preparados para afrontalas.

O PROBLEMA DA COMERCIALIZACIÓN

Un dos tópicos máis recurrentes ao falar da agricultura é o dos “malvados intermediarios”, eses seres terribes que fan incrementar o prezo dos alimentos de xeito exponencial entre o produtor e o consumidor.

Esta idea xeralmente aceptada parte dunha premisa errada: a produción é un fin es si mesmo. Mais o fin de toda produción é o de ser vendida e, neste eido, o papel dos intermediarios é imprescindible pois, de non haber alguén que leve os produtos ao mercado, volveríamos á economía de subsistencia de antano.

Se o negocio da distribución alimentar é tan lucrativo como se pretende facer crer, o lóxico sería que o número de intermediarios medrase de xeito espectacular facendo reducir eses marxes abusivos dos que tanto se fala, mais non é así, o que nos debería levar a pensar que, ou ben hai barreiras de entrada a esa actividade como froito do intervencionismo dos poderes públicos que teñen que ser eliminadas, ou ben o beneficio de explotación non é tan grande como se pensa.

Os labregos e gandeiros teñen que ser conscientes de que o minifundismo propio de Galicia, fai que o seu poder de negociación sexa escasísimo. E teñen que ser conscientes de que nun mundo aberto e de concorrencia a súa estratexia non pode ir polo vieiro de competir en prezo: a calidade convertese no cerne da cuestión. Unha calidade que se está a perder por termos unhas explotacións intensivas co que estamos a tirar pedras contra o noso tellado.

Neste eido, iniciativas como TERNERA GALLEGA ou a recente LEITE GALEGO, teñen que ser potenciadas ao máximo como xeito de crear marca que sexa sinónimo de calidade, crear produtos polos que o consumidor esté disposto a pagar máis.

Nos 10 anos de periodo transitorio que se sinalan máis arriba, o intervencionismo público ten que ir virando paulatina, constante e, ao cabo, totalmente cara iniciativas comercializadoras neste eido.

Garcilaso de la Vega López